

OS SUBSTANTIVOS



Son as palabras que nomean ás persoas, animais, lugares ou obxectos.

Os substantivos propios identifican a unha persoa, animal ou lugar en concreto. Exemplo: Lois, Vigo, Thor

Os substantivos comúns nomean a persoas, animais, lugares ou obxectos dunha maneira xeral. Exemplo: amiga, cidade, can



- 1 Arrodea os substantivos que atopes neste texto.

Onte pola noite, estabamos meu irmán e máis eu mirando ao ceo cando, de súpeto, vimos unha estrela fugaz.

Encántanos ir á aldea porque alí pasan cousas xeniais. Vemos un montón de animais e xogamos pola horta ata que chega a noite.

- 2 Arrodea de vermello os substantivos propios e de azul os comúns.

Os rapaces xogan na rúa.

A miña curmá Helena ten unha mochila vemella.

Os alumnos e alumnas de 3º fomos de excursión a Lugo.

As illas Cíes son un parque natural.

O caravel é unha flor ben fermosa.

- 3 Escribe dúas oracións onde aparezan, polo menos, un substantivo común e outro propio.

TIPOS DE SUBSTANTIVOS



Os substantivos concretos nomean seres, lugares ou obxectos que se podan percibir polos sentidos. Exemplo: neno, rúa, margarida

Os substantivos abstractos nomean seres, lugares ou obxectos que se podan percibir polos sentidos. Exemplo: amor, ledicia



1 Arrodea de vermello os substantivos propios e de azul os comúns.

A presidenta do país firmou a paz.

Cando teño fame como unha froita, normalmente unha laranxa.

O río Miño leva moita auga ao seu paso por Ourense.

Que ledicia, as rosquillas que me fixo miña avoa!

A amizade entre Uxía e María é ben fermosa.



Os substantivos individuais nomean a un ser particular. Poden estar en singular ou plural. Exemplo: libro, carballos

Os substantivos colectivos nomean a un conxunto de seres, animais ou obxectos. Exemplo: biblioteca, carballeira



2 Une cada substantivo individual co colectivo que lle corresponda

músico

constelación

ovella

arquipélago

illa

rabaño

dente

orquestra

estrela

dentadura

TIPOS DE SUBSTANTIVOS



Os substantivos contable nomean algo que pode ser contado. Exemplo: lapis

Os substantivos non contables algo que non se pode contar. Exemplo: sal



1 Escribe se é contable ou non contable.

cidade:_____

leite:_____

azucres:_____

horta:_____

auga:_____

luz:_____

nubes:_____

botella:_____

2 Completa o cadro

	COMÚN PROPIO	CONCRETO ABSTRACTO	INDIVIDUAL COLECTIVO	CONTABLE NON CONTABLE
Lucas				
medo				
estoxo				
tempo				
equipo				
amorosos				
ordenador				

XÉNERO



O xénero dos substantivos pode ser masculino ou feminino.

Os substantivos masculinos son os que poden levar diante o, os, un, uns.

Exemplo: coche, bolígrafo

Os substantivos femininos son os que poden levar diante a, as, unha, unhas.

Exemplo: casa, boneca



1 Clasifica os seguintes substantivos

rúa amiga amor teléfono flor táboa caderno garavanzo

MASCULINO: _____

FEMININO: _____

2 Colorea a opción correcta.

ÁRBORE

MASCULINO

FEMININO

LEDICIA

MASCULINO

FEMININO

LAPIS

MASCULINO

FEMININO

RAÍÑA

MASCULINO

FEMININO

PANTALÓN

MASCULINO

FEMININO

CAMIÓN

MASCULINO

FEMININO

3 Escribe en feminino os seguintes substantivos.

irmán: _____

galo: _____

avó: _____

rei: _____

ancián: _____

poeta: _____

rapaz: _____

mestre: _____

alcalde: _____

NÚMERO



O número dos substantivos pode ser singular ou plural.

Os substantivos en singular refírense a unha soa cousa. Exemplo: nena

Os substantivos en plural refírense a varias cousas. Exemplo: nenas



1 Colorea a opción correcta.

COCHES	SINGULAR
	PLURAL

AMIGA	SINGULAR
	PLURAL

CASA	SINGULAR
	PLURAL

ESCOLA	SINGULAR
	PLURAL

CAMIÓN	SINGULAR
	PLURAL

CALCETÍN	SINGULAR
	PLURAL

2 Escribe en plural os seguintes substantivos.

pantalón:_____

nenos:_____

civís:_____

rapaz:_____

caracol:_____

cruces:_____

riños:_____

casas:_____

peixes:_____

2 Completa o cadro

	MASCULINO	FEMININO	SINGULAR	PLURAL
mandil				
comida				
biblioteca				
libretas				



OS SUBSTANTIVOS - repaso



1 Analiza os substantivos coma no exemplo. Debes seguir a seguinte orde.

COMÚN/PROPIO - CONCRETO/ABSTRACTO - INDIVIDUAL/COLECTIVO - CONTABLE/NO CONTABLE - XÉNERO - NÚMERO

ledicia: substantivo común, abstracto. Feminino, singular

casas: substantivo común, concreto, individual, contable. Feminino, plural

Lois: _____

rabaño: _____

cociñas: _____

sali: _____

orquestra: _____

teléfonos: _____

nenas: _____

amor: _____



OS SUBSTANTIVOS - repaso



2 Colorea a opción correcta

	COMÚN	PROPIO	CONCRETO	ABSTRACTO	INDIVIDUAL	COLECTIVO	CONTABLE	NON CONTABLE	MASCULINO	FEMININO	SINGULAR	PLURAL
cama												
Ourense												
alegría												
carballeira												
flores												
Xoán												
mel												
ramo												
reis												
aneis												
auga												
botella												
papel												

OS ARTIGOS



Son as palabras que acompañan aos substantivos e serven para presentalos.

Os artigos determinados fan referencia a algo xa coñecido.

a , o, as, os

Os artigos indeterminados fan referencia a algo descoñecido.

unha, un, unhas, uns



1 Arrodea os artigos determinados de azul e os indeterminados de vermello.

A miña amiga Sofía ten dez anos e o seu irmán Iago ten catorce.

Encántanme as cancións que están poñendo no cole polas mañás.

O lapis vermello non ten punta. Teño que buscar un afialapis para poder afialo.

O outro día díxome unha rapaza que lle gustaba a miña saia.

2 Completa as oracións con artigos axeitados.

Vin _____ (determinado) miña nai no mercado.

_____ (determinado) venres fun por _____ (indeterminado) rúa que non coñecía e perdínme.

_____ (indeterminado) profe díxome que non podía correr polos corredores.

_____ (determinado) plátano é _____ (determinado) miña froita favorita.

3 Completa o cadro.

	MASCULINO		FEMININO	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
DETERMINADOS				
INDETERMINADOS				

OS DEMOSTRATIVOS



Son as palabras que acompañan aos substantivos e indican a distancia á que se atopan.

		MASCULINO	FEMININO	NEUTRO
PRETO	SINGULAR	Este	Esta	Isto
	PLURAL	Estes	Eses	
DISTANCIA MEDIA	SINGULAR	Ese	Esa	Iso
	PLURAL	Eses	Esas	
LONXE	SINGULAR	Aquel	Aquela	Aquilo
	PLURAL	Aqueles	Aqueles	



- 1 Arrodea os demostrativos coas seguintes cores.

PRETO: VERDE
DISTANCIA MEDIA: AMARELO
LONXE: VERMELLO

Aquela nena parece que ten sono.

Esas chaquetas que están tiradas hainas que recoller e levalas a aqueles colgadores.

Miña nai díxome que ese xogo haino que levar a aquela caixa para gardalo.

Estes rapaces non paran de berrar e aquel mestre vailles vir chamar a atención.

- 2 Escribe una oración que teña:

Demostrativo que indique distancia media feminino singular.

Demostrativo que indique que está preto masculino singular.

Demostrativo que indique que está lonxe masculino plural.

Demostrativo que indique distancia media feminino plural.

OS POSESIVOS



Son as palabras que acompañan aos substantivos e indican a quen lle pertence algo.

		SINGULAR		PLURAL	
		MASCULINO	FEMININO	MASCULINO	FEMININO
UN POSUÍDOR	1ª PERSOA	Meu	Miña	Meus	Miñas
	2ª PERSOA	Teu	Túa	Teus	Túas
	3ª PERSOA	Seu	Súa	Seus	Súas
VARIOS POSUÍDORES	1ª PERSOA	Noso	Nosa	Nosos	Nosas
	2ª PERSOA	Voso	Vosa	Vosos	Vosas
	3ª PERSOA	Seu	Súa	Seus	Súas



1 Arrodea os posesivos.

O meu pantalón e a túa camiseta están sucios.

A miña irmá ten nove anos e o meu curmán oito, lévanse moi pouco tempo entre eles.

A nosa casa está preto da montaña e moitas veces vemos xabaríns. Ata pensamos que son da nosa familia!

A súas cartas chegarán a tempo para Nadal e poder felicitar as festas as súas amizades.

2 Completa co posesivo axeitado.

Xiana leva posta un saia. A _____ saia é verde.

Eu teño unha mochila nova. A _____ mochila é máis grande ca anterior.

Mamá e papá mercaron un coche. O _____coche anterior estaba moi vello.

Tedes que recolles os _____ xoguetes, está todo ciscado.

Lois e Leticia están facendo un biscoito. O _____ biscoito está riquísimo.

Hoxe quedei coas _____ amigas para ir ao cine pola tarde.

Os pais de Xaime pasaron as _____ vacacións na praia.

OS NUMERAIS



Son as palabras que acompañan aos substantivos e indican a cantidade exacta.

Os numerais cardinais indican cantidade. Un, dous, tres, vinte, oitocentos...

Os numerais ordinais indican orde. Primeiro, segundo, décimo, vixésimo...



1 Arrodea os numerais cardinais de verde e os ordinais de azul.

Chameite cinco veces esta mañá. Menos mal que me colliches á sexta vez, era urxente.

As orellas de entroido haille que botar catrocentos gramos de fariña e douscentos de azucre.

Vivo nun segundo piso e miña avoa no quinto dese mesmo edificio. Vouna visitar todos os días.

O ramo tiña doce rosas, dous caraveles brancos e cinco margaridas.

2 Completa un numeral cardinal. Non podes repetir o mesmo en dúas oracións.

Os meus pais déixanme invitar a _____ nenos e nenas ao meu aniversario.

Somos _____ na clase.

No instituto hai _____ alumnos e alumnas.

Bótalle _____ gramos de fariña ás rosquillas.

3 Completa un numeral ordinal. Non podes repetir o mesmo en dúas oracións.

A clase de _____ está no _____ piso.

O _____ en chegar leva o premio.

Temos entradas para a _____ fila no cine.

A miña curmá vive no _____ piso dese edificio.

OS INDEFINIDOS



Son as palabras que acompañan aos substantivos e indican unha cantidade sen ser precisa.

Algún(s), algunha(s), moito(s), moita(s), Pouco(s), pouca(s), tanto(s), tanta(s), ningún(s), ningunha(s), outro(s), outra(s), bastante(s), nada, abondo, varios, varias, demasiado(s), demasiada(s)



1 Arrodea os indefinidos que atopas nestas oracións.

Teño moitos cromos para xogar no recreo.

A miña avoa botoulle bastante sal á comida.

Non me gustaba ningunha sobremesa das que nos ofreceron no restaurante.

Algúnhas persoas dixeron que había moito ruído no cine.

Algúns rapaces da miña clase nunca viron a neve.

2 Completa cun indefinido.

O vaso ten _____ auga, case non me chega para beber.

Somos _____ no cole, que, ás veces, no patio non temos sitio para xogar.

Teño _____ cromos repetidos. Teño que cambiar algún.

Fun a Vigo _____ veces que xa sei o camiño.

Fai _____ calor na clase, a calefacción está altísima!

Non tiña _____ resposta correcta nas preguntas da ficha.



OS DETERMINANTES - repaso



1 Di que tipo de determinante é a palabra subliñada de cada oración.

Os rapaces e as rapazas de terceiro estamos na planta baixa.

Chegou tarde porque había moito tráfico.

O ordenador estivo encendido toda a noite.

A miña gata chámase Laxe e é moi cariñosa.

Aos meus amigos encántanlles xogar no parque.

Aqueles edificios están caendo.

Díxome miña nai que collera un vaso con auga.

Fai bastante calor, poderíamos ir á praia pola tarde.

Collín catro figos na figueira.

Teño unha libreta nova para ciencias naturais.

Este libro gustoume moito.

Polas noites hai moita escuridade, dame algo de medo.

Esa mochila é de Xoán. Lévala para clase

Todos os días almorzo leite con cereais.

OS ADXECTIVOS



Son as palabras que indican as calidades ou estados dos substantivos.

Poden estar en 3 graos:

- POSITIVO: *grande*
- COMPARATIVO: de inferioridade (menos...ca), de superioridade (máis ...ca) ou de igualdade (igual/tan...ca) *menos grande ca, máis grande ca, igual de grande ca*
- SUPERLATIVO: *moi grande, grandísimo*



1 Arrodea os adxectivos que atopas nestas oracións.

Ese chaveiro vermello é meu.

Aquelas luces brillantes non me deixaban ver os coches que viñan polo outro carril.

Dixenlle a papá que me lavara o pantalón porque estaba sucio.

O son da televisión estaba tan alto que non podía durmir.

A fría neve conxeloume os pés e tiven frío todo o día.

2 Completa a táboa cos graos do adxectivo.

POSITIVO	COMPARATIVO INFERIORIDADE	COMPARATIVO IGUALDADE	COMPARATIVO SUPERIORIDADE	SUPERLATIVO
<i>bonito</i>				
	<i>máis pequeno ca</i>			
				<i>fermosísimo</i>
		<i>tan sucia como</i>		
			<i>máis alto ca</i>	

OS VERBOS



Son as palabras que indican unha acción.

O nome de cada verbo chámase **INFINITIVO**. *Xogar*

Cada verbo ten moitas formas verbais, todas elas forman a **CONXUGACIÓN**.

Xoguei, xogaremos, xogamos, xoga, xogaba...

As formas verbais teñen **3 tempos: PASADO, PRESENTE E FUTURO**

Xoguei, xogo, xogarei



1 Arrodea os verbos que atopes nestas oracións.

Onte fun á casa dos meus avós e tiñan de merendar mazás asadas.

Eu estudei un montón para o exame de lingua. Sacarei unha moi boa nota.

Esta mañá díxome o meu irmán que tiñamos que ir sos á parada do autobús.

O ordenador está roto porque caeu da mesa.

Xiana durmiu onte na casa das súas curmás.

**NON HAI FORMAS
COMPOSTAS EN
GALEGO**

2 Escribe o infinitivo destes verbos

bailaba:_____

fun:_____

durmín:_____

estiven:_____

estudaremos:_____

comestes:_____

cantabamos:_____

tirou:_____

irei:_____

beberán:_____



OS VERBOS

3 Colorea o tempo verbal en que está cada verbo.

cantou	PASADO	PRESENTE	FUTURO
viaxaremos	PASADO	PRESENTE	FUTURO
cociño	PASADO	PRESENTE	FUTURO
escribimos	PASADO	PRESENTE	FUTURO
lin	PASADO	PRESENTE	FUTURO
lavarei	PASADO	PRESENTE	FUTURO

4 Escribe un verbo axeitado en cada oración

Lois e eu _____ un balón novo para xogar polas tardes.

Se _____ máis, seguro que aprobabas o exame de matemáticas.

Onte _____ moi cedo e pola tarde tiña moito sono.

Gustárame _____ ás Illas Cies no verán.

_____ a nova canción que sacou este grupo musical?

_____ un libro que me encantou, mercarei o segundo cando o publiquen.

Helena, onte, _____ unha sopa riquísima que lle fixo súa voa.



SUBSTANTIVOS, ADXECTIVOS E VERBOS - repaso

1 Arrodea os substantivos de vermello, os adxectivos de verde e os verbos de azul.

Aquela casa antiga está en ruínas.

A auga da praia estaba conxelada, non fun quen de bañarme.

A miña irmá é alta e loira.

Teño unha cadela moi cariñosa e moi alegre.

O exame de naturais pareceume difícilísimo.

Xulia regresou dunha longa viaxe polo mundo.

2 Colorea que tipo de palabra é.

sucio	SUBSTANTIVO	ADXECTIVO	VERBO
abrir	SUBSTANTIVO	ADXECTIVO	VERBO
árbore	SUBSTANTIVO	ADXECTIVO	VERBO
rectangular	SUBSTANTIVO	ADXECTIVO	VERBO
bebían	SUBSTANTIVO	ADXECTIVO	VERBO
orquestra	SUBSTANTIVO	ADXECTIVO	VERBO
pechado	SUBSTANTIVO	ADXECTIVO	VERBO

OS PRONOMES PERSOAIS



Son as palabras que substitúen aos nomes.

		SINGULAR	PLURAL
1ª persoa	TÓNICO	Eu, min, comigo	Nós, connosco
	ÁTONO	Me	nos
2ª persoa	TÓNICO	Ti, vostede, contigo	Vós, vostedes, convosco
	ÁTONO	Te, che	Vos
3ª persoa	TÓNICO	El, ela	Eles, elas
	ÁTONO	O/lo/no, a/la/na, lle	Os/los/nos, as/las/nas, lles



❶ Arrodea os pronomes persoais destas oracións.

Nós iremos ao parque esta tarde. Quedamos para xogar xuntos.

Rafa e ti podedes axudarme a montar este quebracabezas.

Ela enfadouse porque lle dixestes que se estaba a rir.

Vós tedes moita sorte, a vosa avoa faivos uns doces riquísimos.

❷ Cambia as palabras subliñadas por un pronome persoal axeitado.

O teu irmán e ti tedes a mesma mochila.

A nai de Roi traballa nunha escola rural.

Ti e mais eu somos bos amigos.

Xoán foi de viaxe a Londres e chegará dentro de poucos días.

OS ADVERBIOS



Son as palabras que acompañan aos verbos, adxectivos ou outros adverbios.

LUGAR: aquí, alí, arriba, fóra, preto, lonxe...

TEMPO: hoxe, mañá, onte, antonte, cedo, despois...

CANTIDADE: máis, tanto, menos, bastante, case, só, nada...

AFIRMACIÓN: si, certo, seguro, abofé, tamén.. **NEGACIÓN:** non, tampouco...

DÚBIDA: seica, quizais...

MODOS: ben, mal, así...



1 Arrodea os adverbios destas oracións.

Onte fun coller plátanos a froitería.

Estuda moito, aprobarás o exame, seguro!

Seica te metiches na auga fría e agora estás enfermo.

Pon esas tazas alí, quero a cociña recollida!

Fixen mal as contas e agora non temos suficiente tela para os disfraces.

2 Di que tipo de adverbios son.

abofé:_____

ben:_____

tampouco:_____

hoxe:_____

aquí:_____

seica:_____

fóra:_____

cedo:_____

bastante:_____

non:_____

AS PREPOSICIÓNS



Son as palabras que serven de unión entre outras.

a, agás, ante, ata, canda, cara a, con, contra, de, deica, desde, en, entre, onda, para, perante, por, segundo, sen, sobre, tras, xunta



1 Arrodea as preposicións que atopes nestas oracións.

O sábado quedei con miña tía para comer.

Fomos a xogar ao parque, onte pola tarde.

Sobre as nove chegarei ao entrenamiento.

Onte pola tarde fun ata a horta dos meus avós para coller amorodos.

Tras esa montaña, hai una aldea ben bonita.

2 Completa coa preposición axeitada, de entre as dúas opcións.

Mañá viaxaremos _____ Berlín. (ata/deica)

_____ a miña avoa, ás filloas non se lle bota auga. (segundo/para)

_____ mañá! Vémonos no cole! (perante/deica)

Gústanme todas as froitas _____ ás uvas. (agás/ata)

Mete os vasos alí, _____ a vaixela. (a/entre)

Mamá díxime que chegaría _____ ás dez. (sobre/ata)

_____ de min viñan os demais, non sei como se perderon. (deica/tras)

_____ que vivimos aquí podo ir ao cole camiñando. (desde/sobre)

AS CONXUNCIÓNS



Son as palabras que serven de unión entre outras.

mais, e, e mais, nin, ben...ben, cal...cal, nin...nin, ou, ou...ou, xa...xa, pero, a menos que, agás que, agora ben, agora que, aínda que, así e todo, con todo, e iso que, entroques, excepto que, inda que, porque...



1 Arrodea as conxuncións que atopas nestas oracións.

María e Xoán van xuntas a clase.

Saes ou entras? Decídite!

Farei arroz con leite, aínda que non lle guste a ninguén.

Non me apetece moito saír, pero irei contigo ao cine.

Ti e mais eu facemos un bo equipo.

2 Completa cunha conxunción.

Gustaríame ir contigo ao parque _____ está a chover moito.

Mario _____ Lois xogan sempre ao baloncesto no recreo.

Gústame o leite _____ non o podo tomar porque son intolerante.

Podes vir comigo, _____ debes portarte ben.

Queres mazá _____ - laranxa?

_____ que traías un xustificante, non poderás entrar tarde ao exame.



TIPOS DE PALABRAS - repaso

1 Colorea a opción correcta

	SUBSTANTIVO	ARTIGO	DEMOSTRATIVO	POSESIVO	NUMERAL	INDEFINIDO	VERBO	ADJECTIVO	ADVERBIO	PRONOME P.	CONXUNCIÓN	PREPOSICIÓN
noso												
Xulia												
catro												
esta												
ramo												
correr												
ben												
ningún												
e												
unhas												
rápido												
vós												
ata												



TIPOS DE PALABRAS - repaso



2 Colorea a opción correcta

	SUBSTANTIVO	ARTIGO	DEMOSTRATIVO	POSESIVO	NUMERAL	INDEFINIDO	VERBO	ADJECTIVO	ADVERBIO	PRONOME P.	CONJUNCIÓN	PREPOSICIÓN
esa												
pero												
bailar												
con												
bonito												
ledicia												
tampouco												
demasiados												
as												
segundo												
mal												
antigo												
eu												



TIPOS DE PALABRAS - repaso

3 Colorea a opción correcta

	SUBSTANTIVO	ARTIGO	DEMOSTRATIVO	POSESIVO	NUMERAL	INDEFINIDO	VERBO	ADJECTIVO	ADVERBIO	PRONOME P.	CONXUNCIÓN	PREPOSICIÓN
altísimo												
xulio												
mais												
beber												
rápido												
aquelas												
miñas												
comigo												
os												
Galicia												
moitos												
sen												
elas												



TIPOS DE PALABRAS - repaso

4 Colorea a opción correcta

	SUBSTANTIVO	ARTIGO	DEMOSTRATIVO	POSESIVO	NUMERAL	INDEFINIDO	VERBO	ADJECTIVO	ADVERBIO	PRONOME P.	CONXUNCIÓN	PREPOSICIÓN
aínda que												
aberto												
ler												
banda												
e												
teus												
nós												
poucas												
moi												
agás												
décimo												
unha												
seu												



TIPOS DE PALABRAS - repaso

4 Colorea a opción correcta

	SUBSTANTIVO	ARTIGO	DEMOSTRATIVO	POSESIVO	NUMERAL	INDEFINIDO	VERBO	ADJECTIVO	ADVERBIO	PRONOME P.	CONXUNCIÓN	PREPOSICIÓN